

Lingua 5º / Unidade 2 / Conta un conto

Actividade 1

Enunciado: Fíxate nas ilustracións, escribe o nome do obxecto e explica por que levan ou non acento gráfico.



Solución

Pantalóns Funil Mazá Xadrez

Pantalóns: palabra aguda rematada en **-s**, leva acento gráfico.

Funil: non leva acento gráfico, palabra aguda non rematada nin en vogal, **-n**, **-s** ou **-ns**.

Mazá: leva acento gráfico, palabra aguda rematada en vogal.

Xadrez: non leva acento gráfico, palabra aguda non rematada en vogal, **-n**, **-s** ou **-ns**.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe available

9.2 Coñece e aplica a regra de acentuación das palabras agudas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

Actividade 2

Enunciado: Subliña as palabras agudas e ponlle o acento gráfico ás que o precisen.

xogo	animal	actividades	nariz	persoa
recoller	piñeiral	souto	comen	autor
aprendiz	final	definicion	balon	pescada

Solución

xogo	<u>animal</u>	actividades	<u>nariz</u>	persoa
<u>recoller</u>	<u>piñeiral</u>	souto	comen	autor
<u>aprendiz</u>	<u>final</u>	<u>definición</u>	<u>balón</u>	pescada

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe available

9.1. Identifica palabras agudas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Actividade 3

Enunciado: Subliña as frases do texto

—Coidado! —dixo María cando Anxo se achegaba correndo—. Hai un buraco no medio do camiño! Enorme!

—Onde? —preguntou o neno parando en seco a súa carreira.

—Uns dous metros diante túa.

—Entón, irei pola dereita! —sentenciou Anxo.

Solución

—**Coidado!** —dixo María cando Anxo se achegaba correndo—. Hai un buraco no medio do camiño! **Enorme!**

—**Onde?** —preguntou o neno parando en seco a súa carreira.

—**Uns dous metros diante túa.**

—Entón, irei pola dereita! —sentenciou Anxo.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica correctamente as frases.	Identifica as frases e comete ata un erro.	Identifica as frases e comete ata dous erros.	Non identifica as frases correctamente.

Estándar de aprendizaxe available

7.1. Diferencia entre frase e oración.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia dixital.

Actividade 4

Enunciado: Escribe a oración con suxeito elíptico que aparece no texto anterior.

Solución

Entón, irei pola dereita.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía nin erros.	Escribe e identifica correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e ata un erro.	Escribe e identifica correctamente o que se solicita con algunas faltas de ortografía e ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe available

8.1 Identifica nas oracións o suxeito, o predicado e os seus núcleos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 5

Enunciado: Indica nestas oracións o **suxeito** e o **predicado**.

- Os nenos están na leira de atrás buscando vermes.
- O avión aterra ás oito en Vigo.
- Este ano, todos os amigos iremos de acampada.
- Os gandeiros reuníronse co dono da cooperativa.

Solución

- **Os nenos están na leira de atrás buscando vermes.**
- **O avión aterra ás oito en Vigo.**
- **Este ano, todos os amigos iremos de acampada.**
- **Os gandeiros reuníronse co dono da cooperativa.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe available

8.1 Identifica nas oracións o suxeito, o predicado e os seus núcleos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 6

Enunciado: Escribe tres significados distintos da palabra *conta*.

- Polos seus significados, que nome reciben este tipo de palabras?

Solución

Cálculo dunha cantidade mediante operacións aritméticas.

Terceira persoa do presente de indicativo do verbo *contar*.

Cantidade que se debe ou que hai que cobrar.

Son palabras polisémicas.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe available

6.1 Identifica de forma adecuada palabras monosémicas e polisémicas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 7

Enunciado: De que forma parte este texto? Por que?

Unha vez repartidas as cartas, un xogador iniciará a partida poñendo un naipe boca arriba sobre a mesa. Os demais deberán botar unha carta de numeración superior para obtela.

Solución

Forma parte dun regulamento dun xogo de naipes. O texto explica claramente as regras para evitar dúbidas.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Fai correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Fai correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Fai correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Non fai correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe available

12.1 Coñece as características principais dun regulamento e escribe regras que formen parte del.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

Actividade 8

Enunciado: 9. En que está escrito este texto? Por que?

Na beira dun río
pola primavera
atopei un niño
entre unha silveira.

Solución

Escrito en verso. A lingua xe está sometida a regras de ritmo, medida e rima.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe available

10.1 Diferencia entre textos escritos en verso e en prosa.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.
Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Actividade 9

Enunciado: • Que é unha cantiga?

- Como se clasifican?
- Que nome recibía quen as compoñía? Nome algúns deles.

Solución

Composición poética dos ss. XIII e XIV feita para ser cantada.

De amigo, de amor e de escarnio e maldicir.

Trobadores. Airas Nunes, Meendiño, Martín Códax...

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe e identifica correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe e identifica o que se solicita con algunas faltas de ortografía.	Non escribe nin identifica correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe available

11.1. Recoñece as cantigas de amigo, amor e escarnio.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

Actividade 10

Enunciado: Que nome reciben as composicións da Lírica galego-portuguesa dos séculos XIII e XIV? Fala delas e dos seus autores.

Solución

Cantigas. Resposta libre. Cómpre que o texto este escrito dun xeito claro e ordenado e sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe available

11.1. Recoñece as cantigas de amigo, amor e escarnio.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.